



## CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

### NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA

De acordo co disposto no artigo 80 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, poño no seu coñecemento que o Sr. Alcalde con esta data ditou o seguinte Decreto:

DECRETO. Convocatoria sesión ordinaria Pleno.

De acordo co disposto no artigo 80 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e acordo do Pleno da Corporación, no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.c) da Lei 7/1985 do 2 de abril en relación co artigo 61.1.c) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, RESOLVO:

1º.-Convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación a realizar o próximo día 27 de setembro de 2017 ás 19:30 horas no salón de sesións da Casa do Concello.

2º.-Notifíquese a presente convocatoria a tódolos membros da corporación.

3º.-A orde do día constará dos seguintes asuntos:

Parte resolutive.

1.- Aprobación si procede de acta de sesión anterior.

2.- Proposta festas locais 2017.

3.- Relación de bens e dereitos a expropiar afectados polas obras de “Conexión da rede de alcantarillado desde a Área recreativa de A Veiga a Batán 2ª fase”.

4.- Nomeamento representante da Corporación na “Asociación de Concellos do Camiño Inglés”.

5.- Seguridade vial na N-651 en Cabanas. Proposta grupo Socialista.

6.- Cubrición de parques infantís e espazos de ximnasia para maiores. Proposta grupo Socialista.

7.- Trazado do camiño inglés. Proposta do concelleiro de PDDdG.

8.- Ocupación ilegal de inmobles. Proposta do grupo Popular.

Parte de control órganos da Corporación.

9.- Informes da Presidencia.

a) Resolucións da Alcaldía.

10. Rogos e preguntas.

A partir desta data a documentación dos asuntos incluídos na orde do día está a súa disposición na Secretaría do Concello.

O que traslado a Vde. en cumprimento do ordenado da devandita Resolución, indicándolle que de acordo co establecido no artigo 90.2 do mencionado Regulamento, de non existir o quórum necesario esixido no artigo 90.1, entenderase convocada a sesión en segunda convocatoria a realizar a mesma hora dous días despois da sinalada para a primeira.

Cabanas, 22 de setembro de 2017.

O Secretario

Asdo. Antonio López Vila.



Sras/es. Concelleiras/os da Corporación de Cabanas.